



A ciberseguridade confírmase como unha tendencia actual en todos os ámbitos

OS EXPERTOS EN TIC, SEGURIDADE E DEFENSA XUNTÁRONSE NA CORUÑA

O CITIC acolleu a cuarta edición das Xornadas sobre Seguridade, Defensa, Tecnoloxías Matemáticas e Computacionais

Entre o 3 e o 4 de novembro desenvóléronse na Coruña uns encontros de gran interese para dous colectivos cuxa colaboración non para de medrar:

por unha banda os nosos representantes e investigadores das novas tecnoloxías da información, e pola outra os profesionais das entidades e as firmas ligadas a velar pola seguridade da cidadanía. Falamos da cuarta edición das Xornadas sobre Seguridade, Defensa, Tecnoloxías Matemáticas e Computacionais. O evento, máis polo miúdo, celebrouse na sede do Centro de Investigación TIC da Universidade da Coruña (o centro CITIC). En virtude destas xornadas, o CITIC deu acollida aos maiores expertos do panorama estatal co obxectivo de potenciar as Tecnoloxías da Información e as Comunicacións e as tecnoloxías matemáticas e de cálculo nos devanditos ámbitos ligados á protección e á salvagarda.

Nun plano máis concreto e como exemplos das innovacións amosadas, presentáronse importantes detalles do pioneiro e revolucionario prototipo de dron autónomo para a vixilancia do interior de edificios. Trátase do proxecto DroneService, liderado e impulsado por Prosegur, que conta cos socios tecnolóxicos galegos Avansig, EGATEL e Aeromedia, amais da colaboración do CITIC e o apoio de Gradiant. Ao abeiro deste mesmo proxecto, precisamente, deuse a coñecer tamén o sistema de comunicación alternativo desenvolvido pola empresa ourensá EGATEL, un sistema baseado nas matemáticas e na

computación avanzada que constitúe, nas súas palabras, “unha tecnoloxía de gran robustez e fortaleza fronte a interferencias e ataques”.

Por temáticas, abordáronse nos relatorios e mesas do evento cuestións punteiras e de gran interese para os profesionais de ámbolos ámbitos (tecnoloxías e defensa), como por exemplo os principios da nanotecnoloxía, a futura serie de fragatas F-110, a computación cognitiva, as comunicacións en contornas adversas, a detección e seguimento de lixo espacial e a ciberseguridade, entre outros moitos asuntos de gran potencial para o desenvolvemento destes sectores.

Estas xornadas realizáronse grazas á colaboración entre o Centro Superior de Estudos da Defensa Nacional (CESEDEN), o Instituto Tecnolóxico de Matemática Industrial (ITMA-TI), o Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións (CITIC) e a Universidade da Coruña (UDC), coa colaboración do Instituto Matemático Interdisciplinar (IMI) da Universidade Complutense de Madrid.

O obxectivo destes encontros foi expoñer ante empresas, entidades e cidadanía o importante nicho de actividade que constitúe a confluencia entre novas tecnoloxías, matemáticas e seguridade.



Intervencións destacadas

As sesións de apertura e peche das xornadas contaron, respectivamente, coas intervencións de Salvador Naya, vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia da UDC e vicepresidente de ITMATI, e Julio Abalde, reitor da UDC. Trala inauguración, o día 3, celebrouse un relatorio a cargo do capitán de navío Antonio Juan González García, xefe do Programa SCOMBA (Sistema de Combate dos Buques da Armada) e membro da Xefatura de Apoio Loxística da Armada.

Outro momento salientábel veu da man da empresa Avansig, que realizou unha demostración en vivo da devandita tecnoloxía impulsada por Prosegur, Drone Service, un sistema de seguridade que, como dixemos, baséase no emprego de drones autónomos e diríxese a dar servizo e cobertura para interiores.

Ademais, entidades e empresas referenciais como EMAD, DGAM-Gespro, ROA (Real Instituto e Observatorio da Armada), Prosegur, Hewlett Packard Enterprise, IBM ou EMETEL achegaron cadansúas visións sobre as posibilidades da información inxente (*Big Data*), a intelixencia cognitiva ou a ciber-

seguridade para os ámbitos da defensa e a protección.

Os obxectivos, polo miúdo

O evento, tanto esta edición acabada de celebrar como as anteriores, “tivo a vocación de servir como punto de encontro entre empresas e organismos relacionados coa vixilancia e a defensa, e os científicos que poden ofrecerlles solucións”, explicou Peregrina Quintela, directora de ITMA-TI, unha das entidades impulsoras das xornadas, xunto co CITIC, para quen é “moi importante” xuntar forzas para dar formar a recursos que “garantan a seguridade”, non só en aeroportos, estacións e instalacións, senón tamén, en redes de transmisión e contornas da nube, na protección de información (*Big Data*), e mesmo en vehículos autónomos; “o que pode ser vital para a protección”. Segundo apuntou durante o desenvolvemento das xornadas Manuel F. González, coordinador do CITIC, as tecnoloxías da computación “terán no futuro unha gran relevancia á hora de permitir enfrontarnos da mellor maneira posíbel aos devanditos desafíos de seguridade e protección”.

Todos estes temas foron tratados ao longo de catorce relatorios, entre os que salientou, como dixemos, o encargado de abrir programa, no que Antonio Juan González García, xefe do Programa SCOMBA (Sistemas de Combate da Armada) da Xefatura de Apoio Loxístico da Armada, falou sobre os plans de I+D de Defensa nos que poden participar as universidades. Ademais, contou detalles do programa que dirixe: un sistema de combate que unifica as necesidades de mando e control a nivel táctico de todos os buques da Armada.

Outra das empresas que interveu nos relatorios foi Prosegur, facendo fincapé na seguridade referente ao intercambio e almacenamento de información na nube e, tamén, na importancia de tomarmos medidas preventivas, dende as empresas, para evitar fallos de protección fronte a ameazas. Segundo avanzou Eduvigis Ortiz, de Prosegur, “existe a inxenua crenza de que os provedores de servizos na nube son totalmente responsábeis da seguridade dos seus clientes, o que fai que as empresas e organizacións non tomen medidas para evitar roubos de información”. Na súa opinión, “débase asumir que se produciu un cambio de escenario que esixe unha nova forma de abordar a salvagarda de datos”.

Polas xornadas pasou, polo tanto, unha ampla representación do tecido tecnolóxico-empresarial galego, como EMETEL, EGATEL e Avansig, amais de diferentes compañías estatais e internacionais referentes nos ámbitos da protección da información e a aprendizaxe das máquinas e dos sistemas. É o caso de Prosegur e Hewlett Packard Enterprise, que centraron os seus relatorios en ciberseguridade, ou IBM, cuxa intervención xirou arredor da intelixencia cognitiva nos sistemas tecnolóxicos actuais (capacidade para extraer información, entendela e aprender dela, a través do procesado de grandes cantidades de datos con potencial para permitírnos tomar mellores decisións). ■

